



A AELG recoñecerá Xosé Manuel Beiras como o Escritor na súa Terra na edición de 2025

O escritor recibirá o vindeiro sábado 14 de xuño, en Santiago de Compostela, a Homenaxe O Escritor na súa Terra - Letra E, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

Redacción 23/maio/25

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/aelg-reconecera-xose-manuel-beiras-como-escriptor-sua-terra-edicion-2025/20250523174143223544.html>

A Homenaxe O Escritor/a na súa Terra - Letra E, que cada ano impulsa a [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#), chega neste 2025 á súa XXXI edición, recaendo por decisión da Asemblea de Socias e Socios da AELG na figura de Xosé Manuel Beiras.

Sobre a figura do premiado se **destácase, dentro da súa extensa traxectoria vital, a súa faceta como ensaísta e tradutor**, así como a súa xenerosa colaboración coa AELG, sendo parte do Consello Directivo da Asociación entre 1982 e 1986.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da asociación, e tense constituído ao longo de máis de dúas décadas como unha celebración na que a terra de acollida do [homenaxeado](#) ten unha presenza fundamental.

É vontade da AELG, destaca o colectivo, honrar escritoras e escritores procurando **o contacto directo co autor ou autora e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe**, quen ademais pasa a converterse en Socio de Honra.

Unha celebración múltiple e popular en que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como **a entrega do galardón Letra E de escritor (unha peza escultórica)**, a plantación dunha árbore simbólica elixida polo propio autor ou autora, e a colocación dun monólito conmemorativo.